



EXPEDIENTE 2024/C0003/000020: "Mellora do Pavimento da Pista de Oca de Arriba A Cruz da Graxola e Outros", incluída no POS + 2024 (Achega provincial 2023).

Trámite: informe xustificativo da conveniencia e necesidade de contratar a obra "Mellora do Pavimento da Pista de Oca de Arriba A Cruz da Graxola e Outros".

I.- Actuacións preparatorias do contrato de obras (aprobación do proxecto). Artigos 231 e seguintes da LCSP

Acordo plenario de data 8 de febreiro de 2024 de inclusión nos investimentos que integran o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único Concellos) "POS+ 2024" da obra "Mellora do Pavimento da Pista de Oca de Arriba A Cruz da Graxola e Outros", cun orzamento de 40.430,95 euros, cuxo proxecto foi redactado polo enxeñeiro de camiños, D. Pablo Blanco Ferreiro.

II.- Necesidade e idoneidade coa que se pretende dar satisfacción (artigos 1, 28 e 116 da LCSP)

1. Necesidade.

En cumprimento do artigo 28 da LCSP, a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato proxectado, xustifícanse na necesidade de rehabilitación e mantemento de infraestruturas viarias de titularidade municipal. Estas necesidades e a idoneidade das obras proxectadas para satisfacelas atópanse definidas detalladamente xunto co seu alcance, no proxecto.

2. Idoneidade.

A idoneidade das obras obxecto desta contratación para satisfacer as anteditas necesidades, desenvólvense no respectivo proxecto. As obras a realizar son as seguintes:

1.- MELLORA DO PAVIMENTO DA PISTA DE OCA DE ARRIBA A CRUZ DA GRAXOLA

Pretendese a mellora da capa de rodaxe dun viario de 790x3,5 m., así como de 200 m² de abanicos, con tratamento asfáltico superficial e rego de selado, previo bacheo con grava e tratamento asfáltico superficial.

Finalmente contéplase a apertura de gabias e limpeza de salvagabias para o correcto drenaxe lonxitudinal e transversal e a colocación de dous sinais de STOP.

2.- MELLORA DO PAVIMENTO DO CAMIÑO DE MILLARES BAMA A BANDA DE ARRIBA

Pretendese a mellora da capa de rodaxe dun viario de 690x3,5 m., así como de 110 m² de abanicos e sobranceos existentes, con tratamento asfáltico superficial e rego de selado, previo bacheo con grava e tratamento asfáltico superficial.

Finalmente contéplase a apertura de gabias e limpeza de salvagabias para o correcto drenaxe lonxitudinal e transversal e a colocación dun sinal de STOP.

3.- MELLORA DO PAVIMENTO DO VIARIO EN CAMPELO

Pretendese a mellora da capa de rodaxe dun viario de 315x4 m., así como de 135 m² de abanicos e sobranceos existentes, con tratamento asfáltico superficial e rego de selado, previo bacheo con grava e tratamento asfáltico superficial.

Finalmente contéplase a apertura de gabias e limpeza de salvagabias para o correcto drenaxe lonxitudinal e transversal e a colocación dun sinal de STOP.

En función das necesidades e pretensións municipais, dispoñibilidades orzamentarias, estado das obras e resposta de actuacións similares na zona, considérase que as unidades presupostadas representan a solución máis acorde co fin a acadar.

Nos planos, cadros de medicións e presupostos, especifícanse as unidades de obra a realizar, así como as características, dotacións e dimensións dos materiais propostos.



O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 6 (seis) meses.

En definitiva, a necesidade e idoneidade da contratación, fundaméntase en relación co obxecto desta actuación, co mantemento de infraestruturas viarias de titularidade municipal, destinadas directamente ao desenvolvemento dos servizos públicos de competencia local, polo cal, tendo en conta aspectos específicos dos proxectos a executar, faise necesario proceder a súa contratación, xa que o Concello de Touro, non conta con recursos propios para a execución destas actuacións, dado que as mesmas demandan a execución de actuacións de obras cunha esixencia de man de obra e maquinaria, que non poden ser executados directamente pola propia estrutura municipal, polo cal enténdese necesario acudir a unha contratación de obras para poder executar os proxectos previstos.

III. Finalidade institucional, competencias municipais

A finalidade a satisfacer pola administración municipal con este contrato é a conservación e mantemento de infraestruturas viarias de titularidade municipal vinculadas á competencia municipal propia de carácter obrigatorio segundo o disposto nos artigos 25.2.d (Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade) e 26.1 (Pavimentación das vías públicas) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e artigos 80.2.d (Pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais) e 81.a (Pavimentación e conservación das vías públicas) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

IV. Natureza das obras e financiamento

1. As obras a executar teñen a condición dunha actuación de inversión xa que supoñen un incremento da capacidade, rendemento e eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, ao tempo que se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuacións de "investimentos reais", tipificándose o contrato como de obras (artigo 13 da LCSP).

2. O presente contrato está previsto no Plan POS + 2024 da Deputación Provincial da Coruña.

V. Conclusión

Por todo o exposto considérase necesario e conveniente a contratación das obras de "Mellora do Pavimento da Pista de Oca de Arriba A Cruz da Graxola e Outros".

Touro, na data da sinatura dixital.

Jesús Martínez Pereira, concelleiro delegado da área de goberno de obras (Decreto 192/2023 de 17.07.2023)